

ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA RÍTMICA

OURENSE, 16/01/2026

1. TECNIFICACIÓN 2026.

O orzamento aprobado na Asamblea co que se contará para 2026 será de 5.386,72 €. Dito orzamento está suxeito a presentación e realización do seguinte proxecto de tecnificación acordado polo Comité autonómico:

1. Antecedentes: Acórdase modificar o proxecto de tecnificación levado a cabo na pasada tempada priorizando a mellora de ximnastas e coreografías de conxuntos élite, en vista do bo nivel demostrado polos equipos galegos no último campionato de España de Conxuntos, mediante a realización de xornadas de corrección de exercicios con adestradores externos con experiencia/resultados e de captación para incentivar a progresión das ximnastas de idades inferiores de nivel base e élite. Ademáis realizarase a revisión dos exercicios dos ximnastas individuais clasificados nos Equipos de Copa Raiña e Copa España Masculina.
2. Obxectivo:
 - a. Primeiro semestre: realización dunhas xornadas de revisión dos conxuntos élite que se presenten ao Control da 2ª Fase Copa Conxuntos para aportar melloras e correccións estruturais nos montaxes dos exercicios dirixida polo adestrador D. Yeray Hernández (Club Corza's Maspalomas) no mes de maio.

Realización dunha xornada de tecnificación para a revisión e corrección de exercicios do equipo seleccionado de Copa Raiña Feminina (8 exercicios) e España Masculina (5 exercicios) a cargo das xuíces Elena Sierra e Sandra Estrada no mes de marzo.

Realización dunha xornada de captación e adestramento, dirixida pola adestradora Dª Izaskun Hernáez, no mes de xaneiro con ximnastas femininas e masculinos que cumpran os requisitos da convocatoria.
 - b. Segundo semestre: realización dunhas xornadas de revisión dos conxuntos élite que se presenten ao Campionato Galego de Conxuntos para aportar melloras e correccións definitivas nos montaxes dos exercicios dirixida polo adestrador D. Yeray Hernández (Club Corza's Maspalomas) no mes de setembro.
3. Para elo, establece o seguinte proxecto de Tecnificación para o primeiro e o segundo semestre do 2026:

PRIMEIRO SEMESTRE 2026

CUSTE ESTIMADO: 3.000 €

XORNADA CAPTACIÓN

Realización dunha xornada de captación dirixida a ximnastas nados entre 2011 e 2014 de nivel base ou élite para participar nunha xornada de adestramento presencial que se celebrará en Narón.

- Data: 10 xaneiro
- Realización dunha preselección por vídeo das ximnastas que cumpran as dificultades requiridas para participar nunha xornada de adestramento presencial de mañá e tarde na cal se evaluará polo comité autonómico as ximnastas que poderán entrar no grupo de seguimento para participar en futuras competicións de Idade Escolar, Copa Raiña e tecnificacións.
- Sede: Narón
- Dita xornada ao ser de captación non cubre ningún gasto de desprazamento nin manutención dos equipos/adestradores participantes.
- Evaluación da continuidade dos ximnastas incluídos nos grupos A e B na tempada 2025.

Designación Equipo Copa Raíña Sofía Feminina Designación Equipo Copa España Masculina
Control único para a designación do equipo Copa Raíña Sofía e Copa España Masculina: - Data: 28 de marzo - Características: Control aberto ao público en formato competición con música e maillot. - Sede: Vigo - A conformación do equipo virá determinada pola clasificación acadada por nota en cada aparello e categoría, segundo o criterio establecido en normativa nacional RFEG. No caso de a diferenza de nota entre ximnastas sexa mínima, o Comité autonómico poderá avaliar a idoneidade no reparto de aparellos, é dicir, se algún ximnasta resulta clasificado con 3 aparellos e a diferenza en algún deles é mínima con respecto ao seguinte ximnasta clasificado poderá valorarse o reparto de aparellos en beneficio do equipo que represente a Galicia.
Xornada Tecnificación Equipos Copa Raíña, Copa España Masculina dirixida polas xuíces D^a Elena Sierra e Sandra Estrada: - Data: 29 marzo. - Realización dos exercicios individuais, que conforman os Equipos para recibir correccións e melloras antes da asistencia ao Nacional. Só asisten os ximnastas seleccionados e as súas adestradoras. - Sede: Boqueixón ou Narón (determinarase en función da distancia a instalación da maioría dos clasificados)
Designación Equipo Idade Escolar Designación Conxunto Idade Escolar
Control único para a designación do equipo Idade Escolar: - Data: 01 maio - Características: Control aberto ao público en formato competición con música e maillot. - Sede: Vigo - A conformación do equipo individual virá determinada pola clasificación acadada por nota en cada aparello e categoría, segundo o criterio establecido en normativa nacional RFEG. No caso de a diferenza de nota entre ximnastas sexa mínima, o Comité autonómico poderá avaliar a idoneidade no reparto de aparellos, é dicir, se algún ximnasta resulta clasificado con 3 aparellos e a diferenza en algún deles é mínima con respecto ao seguinte ximnasta clasificado poderá valorarse o reparto de aparellos en beneficio do equipo que represente a Galicia. - A selección do conxunto virá determinada pola clasificación acadada por nota na categoría, segundo o criterio establecido en normativa nacional RFEG.

A continuación, figura o listado de ximnastas Femininas e Masculinos cos aparellos cos que teñen previsto competir no 2026, convocados polo Comité Autonómico, para os Controis de Copa Raíña Feminina e Masculina así como para o Control Idade Escolar.

“COPA RAIÑA FEMININA” - “IDADE ESCOLAR”

GIMNASTA	AÑO	CLUB	CORDA	ARO	PELOTA	MAZAS	CINTA	
CANDELA MARTÍNEZ BOBO	2005	M ^a BARBEITO		X	X	X	X	COPA RAIÑA
MARTA RIVAS CARTELLE	2004	ACORDES					X	
EVA REZA PATIÑO	2009	X. OLEIROS			X			
SARA SINANOVIC SEHOVIC	2009	X. OLEIROS				X	X	
CANDELA COBIÁN ROEL	2009	X. OLEIROS		X				
MARTINA LÓPEZ CANOSA	2009	ACORDES		X	X			
YAILÉN PUGA SAA	2009	MANIOTAS		X	X		X	
MIREIA ALONSO MARTÍNS	2010	MANIOTAS	X	X		X		COPA RAIÑA + IDADE ESCOLAR
NOA RUZO BOGA	2010	MANIOTAS		X	X			
JIMENA FERNÁNDEZ VIEIRA	2010	MANIOTAS				X	X	
MARTINA VILLALBA DÍAZ	2010	MILENIUM		X	X		X	
NAIR BAÑOS	2011	MANIOTAS			X			
SABELA LÓPEZ	2011	PONTEDEUME		X	X			
CAYETANA FLOREZ	2011	PONTEDEUME				X	X	
ALDARA VARELA	2011	PONTEDEUME	X			X		
ANTÍA PANIAGUA	2012	PONTEDEUME	X		X			
UXÚE ÁLVAREZ	2012	MANIOTAS	X	X		X	X	
PALOMA CASANOVA	2012	X. OLEIROS			X			

*INCLUSIÓN (M.L.): NOA BRANDARIZ PARDO (M^a Barbeito)

(*) As ximnastas marcadas en gris so están convocadas para Copa Raíña Feminina.

“IDADE ESCOLAR CONXUNTO”

Conxuntos de categoría JUNIOR ÉLITE que, tras consulta sobre participación aos clubs no mes de xaneiro, se detallan a continuación:
ACORDES PONTEDEUME / CLUB MANIOTAS / CLUB XIMNASIA PAVILLÓN OURENSE / CLUB XIMNASIA OLEIROS RITMICA y ESTÉTICA

“COPA ESPAÑA MASCULINA”

GIMNASTA	AÑO	CLUB	CORDA	ARO	PELOTA	MAZAS	CINTA
HERNÁN SIO TRILLO	2007	X. PORRIÑO		X	X	X	X
MARTÍN CASAL DE LA FUENTE	2003	VIRAVOLTA	X	X		X	
UNAI SÁNCHEZ CAMBEIRO	2009	MANIOTAS	X	X		X	
ROI BOUZAS CAPA	2008	BIQUEIRA	X	X	X	X	
NOÉ CHARLÍN CHAZO	2008	X. AROUSA	X	X		X	
JOSÉ VÁZQUEZ GÓMEZ	2010	X. PAVILLÓN	X	X		X	
PATRICK CELÍS LÓPEZ	2011	MARUSIA		X	X	X	

“IDADE ESCOLAR MASCULINO”

GIMNASTA	AÑO	CLUB	CORDA	ARO	PELOTA	MAZAS	CINTA
JOSÉ VÁZQUEZ GÓMEZ	2010	X. PAVILLÓN	X	X		X	
IVÁN GUTIERREZ MOSQUERA	2010	COMPOSTELA		X		X	X
PATRICK CELÍS LÓPEZ	2011	MARUSIA		X	X	X	
ADRIÁN VÁZQUEZ GUEORGUIEV	2013	Mª BARBEITO	X		X		X
DANIEL REY REY	2013	VIRAVOLTA	X				X

*INCLUSIÓN (M.L.): ASIER GARMENDIA CAMPELLE (Mª Barbeito)

-O custe dos desprazamentos e/ou manutención dos/as ximnastas convocados para as xornadas de tecnificación serán aboados con cargo a tecnificación segundo o recollido no respectivo Regulamento, sempre e cando non coincida con competición oficial.

-Farase entrega da equipación, chándal e camiseta, aos equipos de Copa na xornada de tecnificación de marzo. As equipacións de Idade Escolar entregaránse no mes de maio.

-Acórdase publicitar na Web da Federación Galega de Ximnasia a conformación definitiva dos equipos participantes no Campionato de España en Idade Escolar por Seleccións Autonómicas, Copa Raíña Sofía e Copa España Masculina.

XORNADA REVISIÓN EXERCICIOS CONXUNTOS ÉLITE

Xornada Tecnificación Conxuntos Élite dirixida polo adestrador D. Yeray Hernández do Club Corza's Maspalomas:

- Data: 29 ao 31 maio.
- Realización dos exercicios dos conxuntos de nivel elite para revisión e corrección dos mesmos así como introduccións de melloras estruturais antes da competición nacional 2ª Fase Copa Conxuntos XR.
- Conxuntos elite de categoría alevín, infantil, junior, senior e primeira.
- Sede: a designar, preferiblemente Vigo.
- Dita xornada ao ser aberta non cubre ningún gasto de desprazamento nin manutención dos equipos/adestradores participantes.

SEGUNDO SEMESTRE 2026

CUSTE ESTIMADO: 2.386,72 €

XORNADA REVISIÓN EXERCICIOS CONXUNTOS ÉLITE

Xornada Tecnificación Conxuntos Élite dirixida polo adestrador D. Yeray Hernández do Club Corza's Maspalomas:

- Data: 10 ao 13 setembro.
- Realización dos exercicios dos conxuntos de nivel elite para revisión e corrección dos mesmos así como introduccións de melloras definitivas antes das competicións autonómicas e nacionais.
- Conxuntos elite de categoría alevín, infantil, junior, senior e primeira.
- Sede: a designar, preferiblemente Vigo.
- No caso de que o presuposto de tecnificación para o segundo semestre non cubra a totalidade dos gastos das xornadas os clubs participantes terán que realizar unha aportación económica proporcional (copago) en función do número de conxuntos que presenten. En caso de non realizar dita aportación o club non poderá participar na tecnificación.
- Dita xornada ao ser aberta non cubre ningún gasto de desprazamento nin manutención dos equipos/adestradores participantes.

3. SUXERENCIAS E PREGUNTAS